

Festas de Ordes

Iker Cotón

Se algo caracteriza a vila de Ordes son os seus murais, que a enchen de cor, vida e arte. As paredes do concello convertéronse co paso dos anos nun lenzo ao aire libre grazas ao DesOrdes Creativas, un festival que cada ano reúne artistas chegados de diferentes puntos do mundo para transformar os muros ordenses coas súas creacións. O que comezou como unha aposta pola arte urbana acabou por converterse nun dos sinais de identidade do municipio, ata o punto de que os murais forman hoxe parte inseparable da súa paisaxe. A iniciativa suma xa 19 edicións nas que a pintura e a música se dan a man para converter Ordes nun punto de encontro para a creación artística. Durante os dez días que dura o festival, as intervencións nos espazos públicos conviven con *master class*, obradoiros, rutas guiadas e feiras de obra gráfica. Unha programación que fai que a arte saia dos museos e das

Un museo sen teito: a vila que converteu os muros en lenzos

A iniciativa DesOrdes Creativas engade cada ano novas historias ás paredes da localidade, unha aposta pola arte urbana que suma 19 edicións



Dous edificios decorados con murais que participaron na iniciativa DesOrdes Creativas.

galerías para ocupar as rúas e formar parte do día a día da veciñanza. As actividades permiten, ademais, achegar o proceso creativo ao público e facer que os veciños non sexan simples espectadores, senón tamén parte dunha iniciativa que transforma durante uns días o ambiente da vila. Esa pegada artística vai moito máis alá dos dez días de celebración. As obras permanecen nas fachadas e nos espazos públicos da vila, integrándose na paisaxe urbana e formando parte da vida cotiá dos ordenses. Deste xeito, camiñar polas rúas de Ordes tamén se converte nun percorrido pola súa historia recente, a través de murais que cada ano engaden novas historias ás paredes da vila. Cada edición deixa así un novo legado que se suma aos traballos realizados nos anos anteriores, creando pouco a pouco un auténtico museo ao aire libre que contribúe a proxectar a imaxe de Ordes como un municipio estreitamente ligado á cultura e á arte urbana. ■



PR 90, S.L.U

Transportes de mercancías por carretera

Parque Empresarial, 10-11 ORDES (A Coruña)
Tls. 981 680 773 | 981 681 272 | 981 681 456
F. 981 681 296 | 616 915 191

www.trc95.com



Felices festas

INSTALACIÓNS E MANTEMENTOS

ÁNGEL VEIRAS VARELA

Fontanería - Instalacións térmicas - Gas - Produtos petrolíferos

Ordes - A Coruña · T. 696 484 133



GESTORDES

GESTIÓN ADMINISTRATIVA

Mundito, 5 Bajo • Ordes (A Coruña)
Ts. 881 864 528 / 698 191 778 • F. 881 864 529
gestordes@gestordes.com



SEFORGASA

Servicio de Formación Galego e Salvamento

Rúa San Lázaro 3, A Pobra do Caramiñal
640 500 667 / 981 84 33 17

Cursos especializados en **Industria, Mar y Transporte** para empresas, particulares y organizaciones

Curso oficial de **Marinero Pescador**

Cursos de Formación Básica en **Seguridad Marítima**

Curso avanzado en **lucha contra incendios**

Curso de **Botes de rescate**

Curso de **Formación sanitaria inicial y avanzada**

Festas de Ordes

«A comisión fai un traballo moi difícil e sen ánimo de lucro»

Ángel Blanco, concelleiro de Cultura de Ordes, preside a comisión de festas ● Este ano supéranse cun cartel de primeiro nivel

Iker Cotón

Ordes celebra as súas festas patronais dende este mércores 12 de agosto ata o domingo 16. Cinco días de festa cun cartel aínda mellor se cabe que as edicións anteriores, con orquestras do calibre de Panorama, París de Noia e Olympus. A música será, deste xeito, unha das grandes protagonistas dunha celebración que buscan atraer tanto veciñanza como visitantes doutros concellos.

A festividade está organizada pola comisión de festas en colaboración co Concello de Ordes. Ángel Blanco, concelleiro de Cultura e presidente da comisión, relata a este xornal: «No seu día eu pedínles formar esta comisión e eles non o dubidaron. A día de hoxe estou orgulloso do equipo que temos e, sobre todo, do traballo que fan durante todo o ano sen ánimo de lucro polo pobo de Ordes. Gustaríame que a vila lles recoñece-se este traballo difícil que fan, o de contentar a máis de 13.000 veciños». Un labor que, segundo explica, implica meses de preparación para conseguir un programa que estea á altura das expectativas da veciñanza. Detrás de cada actividade e de cada actuación hai un traballo que se prolonga durante boa parte do ano, coa comisión encargándose de organizar, coordinar e poñer en marcha os diferentes actos que conforman as celebracións.

Á programación musical súmanse tamén outras actividades durante os cinco días de celebración. Entre elas, os pasarrúas con gaiteros que están previstos para o sábado 15 e o domingo 16, as actuacións do Vai de bares coas charangas BB+ e Varacuncas na noite do venres 14 ou os fogos de artificio da noite do sábado, outro dos momentos máis agardados das festas.

O domingo 16 estará dedicado ao Día do Emigrante, nunha xornada marcada tamén polo reencontro de familias e veciños que regresan á vila durante o verán.

Nesta edición, as verbenas estarán amenizadas por orquestras de primeiro nivel como Panorama, París de Noia, América de Vigo e Olympus; ademais de contar con Los Satélites, unha das agrupacións con máis historia de Galicia. O cartel musical complementáno Origen, La Banda de Ayer, Grupo Tania Veiras e Disco Móvil CDC.

A expectativa non se limita ao ambiente festivo, senón tamén ao impacto que a celebración poida ter na economía local, xa que unha maior afluencia de visitantes beneficia directamente tanto os establecementos hostaleiros como os comercios da vila.

Ademais, o programa busca manter vivo o carácter tradicional destas festas. Serán cinco días de celebración nos que Ordes volverá facer das súas rúas un punto de encontro para veciños e visitantes arredor da música e da tradición. ■



Comisión de festas de Ordes lucindo o cartel deste ano.

FESTAS DE ORDES

2026

MÉRCORES 12 AGOSTO	Verbena con: DISCO MÓVIL CDC e PANORAMA
XOVES 13 AGOSTO	Verbena con: ORIGEN e LA BANDA DE AYER
VENRES 14 AGOSTO	Sesión vermú con DILEMA Ás 21:00h. vai de bares coas Charangas BB+ e Varacuncas Verbena con: AMÉRICA DE VIGO e OLYMPUS
SÁBADO 15 AGOSTO	DÍA DE SANTA MARÍA Pasarrúas con Embruxo de Leira, A.C. Veciños de Leira Gaiteros, A.C. Ardevento. 12:00h. Misa solemne Sesión vermú con LA BAMBA e a Charanga Mekánica 00:30h. Fogos de Artificio. Verbena con LA BAMBA e PARÍS DE NOIA
DOMINGO 16 AGOSTO	DÍA DO EMIGRANTE Pasarrúas con Sementes do Arte, Camiño Real de Poulo e Banda de Música de Ordes. Misa solemne ás 12:30h MACRO SESIÓN vermú con Banda de Música de Ordes, Grupo Tania Veiras e Disco Móvil CDC 20:00h. Concerto da Banda de Música de Ordes 20:30h. Verbena con GRUPO TANIA VEIRAS e LOS SATÉLITES

COLABORA COAS FESTAS:
BANCO SANTANDER
 ES88 0049 7749 9528 1004 6471

ORGANIZA:
FESTEXOS ORDES
COLABORA: